

Falar de viño na Ulla é falar de tradición, de esforzo, de calidade, de obxectivos cumpridos e por cumprir,... é falar de etiqueta de identidade, de marca,... de emprendemento e desenvolvemento,... de pertenza á Denominación de Orixe Rías Baixas

Pero falar del no segundo domingo de abril... entón é falar da festa, de exaltación deste produto que tanto e tan ben representa á nosa contorna, e por que non dicilo, dos 10 concellos dos que hoxe en día tamén forman parte da Denominación de Orixe Rías Baixas, sendo este concello, esta parroquia e esta festa o seu corazón... é falar dunha importante cita que reúne música, gastronomía, folclore, diversión,... e que o fai dende a súa posta en valor durante 37 anos ininterrompidos e que segue a aumentar a súa proxección.

Por iso para min como veciño e alcalde de Vedra é moi gratificante que os veciños e veciñas de San Miguel de Sarandón me brinden a oportunidade de presentar as miñas palabras nunha nova Festa do Viño da Ulla, nelas quero lembrarme do enorme esforzo da comisión de festas de Caxaraville e de toda a parroquia, pois sen eles non estaríamos a falar dun evento da magnitude que a exaltación do viño da Ulla acadou e que segue a medrar ano a ano.

Asique, vémonos o 9 de abril en Sarandón... fagamos que a festa do viño siga medrando!

O voso alcalde

Carlos Martínez Carrillo